

ACTA

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González.

D. Alfonso Carril Guerra.

D^a. Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D. Andrés David Pérez Ferreira.

D^a. María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D^a Evangelina María Orois Conde.

D^a Vanessa Quintela Pedreira

D^a. Begoña Balado Conde.

D. José Ignacio García Couso.

Secretario:

D. Juan Colmenares López Soldado.

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández.

En Arzúa, a 28 de outubro de 2016.

Sendo as 20:10 horas, reúnen no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a Orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

Punto 1º **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 31 DE AGOSTO DE 2016.**

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación con respecto á acta de dita sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º **MODIFICACIÓN DO ARTIGO 6º DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRO DE AUGA, CONSERVACIÓN DE CONTADORES E ACOMETIDAS.**

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 24 de outubro de 2016; no seguinte sentido:

“Explica a presidenta da Comisión a modificación proposta, na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga,

conservación de contadores e acometidas, responde á actualización das tarifas de acordo co IPC interanual de setembro do 2016, e que a modificación é a que se reflicte a continuación.

Modificación do cadro de tarifas:

<i>TIPO SUBMINISTRO</i>	<i>€/m³</i>
<i>DOMESTICOS</i>	
<i>Por mantemento do servizo</i>	
<i>Mínimo 10 m³</i>	<i>0,4572</i>
<i>De 11 a 15 m³/mes</i>	<i>0,6399</i>
<i>Mas de 15 m³ /mes</i>	<i>0,8860</i>
<i>INDUSTRIAIS</i>	
<i>Por mantemento do servizo</i>	
<i>Mínimo 50 m³ /mes</i>	<i>0,5944</i>
<i>Por m³ que exceda do mínimo</i>	<i>0,9371</i>
<i>OBRAS</i>	
<i>Mínimo 100 m³ /mes</i>	<i>0,5944</i>
<i>Por mantemento do servizo</i>	
<i>Por m³ que exceda do mínimo</i>	<i>1,0516</i>

Modificación do apartado II) do artigo 6º)

II) Outras cotas:

A) Cota de alta no servizo: 73,44 euros.

B) Cota única pro dereitos de acometida á rede xeral de abastecemento: 130,63 euros.

C) Cota mensual por verificación e conservación de contadores: 0,2249 euros.

Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para manifestar que se pronunciará no Pleno.

Toma a palabra o Sr. García Couso (de CxG), para comentar que cre que se trata dunha modificación ordinaria que se fai anualmente en función do IPC, e pregunta se neste caso supón unha suba.

Contesta a presidenta que si supón suba.

Toma a palabra o Sr. Lodeiro Regueiro (do PP), para manifestar que de momento vanse abster, e que se pronunciarán no Pleno.

Sen mais intervencións a presidenta da Comisión someteu este asunto a

votación ordinaria; adoptándose -por cinco votos a favor (4 de AxA e 1 de CxG) e tres abstencións (2 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente a aprobación da modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministro de auga, conservación de contadores e acometidas”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que, como a actualización das tarifas realizase de acordo co Índice de Prezos de Consumo, vai votar a favor.

* Do Sr. García Couso (do CxG-CCTT) para manifestar que a súa postura xa quedou reflectida na sesión da Comisión especial de Contas; e aínda que non se especificou naquela sesión cal é a porcentaxe da suba, -que cre que é un 0,2% segundo o Índice de Prezos de Consumo-, vai a votar a favor.

* Do Sr. García Rodríguez (do PP) para indicar que o grupo político do Partido Popular tamén vai votar a favor.

Coñecido o informe emitido pola interventora, con data 19 de outubro de 2016.

Polo Sr. alcalde someteuse a votación ordinaria a modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministro de auga, conservación de contadores e acometidas.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6º (nomeado Cota tributaria) da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga, conservación de contadores e acometidas, co obxecto de actualizar as tarifas de acordo co Índice de Prezos de Consumo interanual de setembro de 2016, que se sitúa nun 0,2%.

Polo que dito artigo queda redactado da seguinte forma:

I) Cota por subministración de auga: *A cota tributaria, en concepto de taxa por subministración de auga potable, resulta de aplicar á base imponible o prezo por metro cúbico de consumo de auga, segundo segue:*

A. Usos domésticos:

1. Por mantemento do servizo	€/m ³
1.1.- Mínimo de 10 m ³ mes-----	0,4572
1.2.- Desde 11 m ³ a 15 m ³ mes-----	0,6399
1.3.- Máis de 15 m ³ /mes-----	0,8860

B. Usos industriais

1.- Por mantemento do servizo	€/m ³
1.1.- Mínimo de 50 m ³ mes-----	0,5944

1.2.- Por m³ que exceda do mínimo-----0,9371

C. Usos para obras.

1.- Por mantemento de servizo €/m³

1.1.- Mínimo de 100 m³ mes-----0,5944

1.2.- Por m³ que exceda do mínimo-----1,0516

II) Outras cotas:

A) Cota de alta no servizo-----73,44 euros.

B) Cota única por dereitos de acometida a rede xeral de abastecemento---130,63euros.

C) Cota mensual por verificación e conservación de contadores-----0,2249 euros

D) Cota mensual por conservación de acometidas-----0,2249 euros.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente íntegro que dou lugar á adopción deste acordo, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles; dentro dos cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Considerar elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional da modificación da referida Ordenanza, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

Cuarto.- No anterior suposto (de aprobación tácita), publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a referida ordenanza fiscal, así como este acordo de modificación da mesma.

Punto 3º) MODIFICACIÓN DO ARTIGO 4º DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 24 de outubro de 2016, no seguinte sentido:

“Explica a presidenta da Comisión que con esta modificación preténdese que a exención no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica poida aplicarse, non só ás persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, senón tamén a aqueles contribuíntes que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade por parte da Seguridade Social.

Comenta a presidenta que a Deputación da Coruña recibiu recentemente un escrito remitido pola Valedora do Pobo, no que facía a recomendación de que se revisase a resolución pola que se denega a exención do imposto, á persoa que reclama con pensión de clases pasivas por incapacidade permanente, tendo en conta que tamén lle é aplicable a extensión do concepto de discapacidade.

Toma a palabra a Sra. Quintela Pedreira (do PP) para comentar que se sinte

moi molesta con este tema da modificación da ordenanza, xa que eles presentaran no mes de maio unha moción para que se fixera isto mesmo e que aínda non recibiran contestación, polo que lle parece moi mal que se levara agora así de repente, porque isto supón un obstáculo ao exercicio do seu dereito de oposición.

Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), para manifestar que está de acordo co comentario da Sra. Quintela Pedreira.

Toma a palabra o Sr. García Couso (de CxG), para manifestar que está de acordo coa Sra. Quintela Pedreira, porque dita actitude implica unha ocultación á oposición, xa que resulta inexplicable que dita moción non se levara a Pleno polo goberno municipal.

Pregunta o Sr. García Couso (de CxG) se dita recomendación por parte da Valedora do Pobo refírese só ao Concello de Arzúa ou afecta a todos os concellos.

Comenta a presidenta que o escrito da Valedora remitiuse á Deputación e que afecta a todos os concellos.

Sen ningunha intervención mais por parte dos concelleiros e concelleiras, a presidenta someteu este asunto a votación ordinaria; adoptándose -por unanimidade do votos dos membros da Comisión (4 de AxA, 2 do PP, 1 de CxG e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente a modificación do artigo 4 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que, despois de estudar a modificación proposta, vai votar a favor.

* Do Sr. García Couso (de CxG-CCTT) para expresar que tamén vai votar a favor desa modificación da citada ordenanza, tal como manifestou na sesión da Comisión especial de Contas.

* Da Sra. Quintela Pedreira (do PP) para expoñer:

- Que cre que esta modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto municipal sobre vehículos de tracción mecánica chega tarde, aínda que chega, pero quere dicir que se ignorou a labor da oposición, ao non ter en conta a moción que presentou no Rexistro Xeral do Concello o día 31 do pasado mes de maio, para que se aprobase a mesma modificación que agora se propón.

- Que desde entón houbo moito tempo para levar esa moción a unha sesión anterior do Pleno, e se non se fixo foi polo afán de ocultar ou ignorar a labor da oposición; polo cal se sinte bastante molesta.

* Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que si se tiveran motivos para sospeitar que se vos oculta algo, estaría ben que

se dixera, porque cando non se ocultan outras cousas que son máis importantes, e peores para o equipo de goberno, menos sentido ten que se vaia ocultar isto.

- Que a realidade é que sucedeu o seguinte: En maio presentouse a moción, pero este ano foi atípico, por toda a carga de traballo que houbo, ata o punto de que a primeira tenente de alcalde só puido coller tres ou catro días de vacacións e este alcalde en concreto catro días; porque foi un ano electoral e tivemos que tramitar nese período todas as subvencións, e por outra parte os plans de obras da Deputación Provincial viñeron retrasados, o cal supuxo moita carga de traballo.

-Que, como só había dous puntos para incluír na orde do día desta sesión, baixou xunto á interventora e ésta lle comentou porque non se levaba a modificación da ordenanza fiscal sobre vehículos de tracción mecánica, xa que había un escrito da Deputación Provincial a través do cal se achegaba un modelo de artigo a incluír en dita ordenanza, para o suposto de querer modificala en canto á exención por discapacidade e outras situacións asimiladas; e non se acordou para nada da moción do grupo político do Partido Popular, pero non houbo ánimo de ocultar nada.

- Que na emisora de radio explicou que se trataba dunha petición dos veciños, e que o grupo municipal do Partido Popular presentara unha moción neste mesmo sentido.

Coñecido o informe emitido pola interventora, con data 18 de outubro de 2016.

Polo Sr. alcalde someteuse a votación ordinaria a modificación do artigo 4º da ordenanza fiscal reguladora do imposto municipal sobre vehículos de tracción mecánica.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 4º (exencións) da ordenanza fiscal reguladora do imposto municipal sobre vehículos de tracción mecánica, engadindo a dito artigo o seguinte parágrafo: *“En relación co disposto no parágrafo segundo do artigo 93.2 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os solicitantes da exención por discapacidade deberán achegar o certificado de discapacidade (en grao igual ou superior ao 33 por cento), emitido polo órgano competente ou, na súa falta, acreditación da condición de pensionista da Seguridade Social que teña recoñecida unha pensión de incapacidade no grao de total, absoluto ou gran invalidez, ou de pensionista de clases pasivas que teña recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.”*

Segundo.- Expoñer ao público o expediente íntegro que dou lugar á adopción deste acordo, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles; dentro dos cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Considerar elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional da modificación da referida Ordenanza, para o suposto de que non se presenten

reclamacións durante o período de exposición pública.

Cuarto.- No anterior suposto (de aprobación tácita), publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a referida ordenanza fiscal, así como este acordo de modificación da mesma.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTION MUNICIPAL

Punto 1º) DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DITADA POLO ALCALDE O DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2016, SOBRE DELEGACIÓN DE FUNCÍONS NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE.

Dáse conta do referido decreto do alcalde, de data 21 de setembro de 2016, cuxo texto é o seguinte:

“Tendo que ausentarse do municipio de Arzúa este alcalde, durante o día de hoxe e o día de mañá día 22 de setembro de 2016, para poder atender determinados asuntos de carácter particular.

Como queira que o réxime de delegacións efectuadas pola Alcaldía a favor dos tenentes de alcalde (designados en virtude do Decreto de data 8 de xullo de 2015) comprendía tamén a totalidade das funcións e das facultades correspondentes á Alcaldía, incluso a de ditar resolucións, para os casos de ausencia, enfermidade, vacante ou impedimento que imposibilitase ao alcalde para o desempeño das súas funcións.

*Esta Alcaldía **RESOLVEU:***

Primeiro.- *Delegar na primeira tenente de alcalde dona María del Carmen Torreiro González as funcións e facultades correspondentes á Alcaldía a que se fixo referencia, para que poidan ser exercitadas durante o período indicado, por razón da ausencia deste alcalde.*

Segundo.- *Notificar a presente resolución á primeira tenente de alcalde Sra. Torreiro González, para o seu debido coñecemento; facéndolle saber que os seus efectos produciranse desde as 0 horas do día 21 de setembro, ata as 24 horas do día 22 do mesmo mes.*

Terceiro.- *Dar conta desta resolución ao Pleno do Concello, na primeira sesión que celebre.”*

Adoptándose -por unanimidade dos trece membros que integran a Corporación Local- o acordo de quedar enterados.

Punto 2º) ROGOS E PREGUNTAS

Polo Sr. alcalde preguntouse se algún concelleiro quería formular algún rogo ou algunha pregunta; manifestando o Sr. García Couso (de CxG-CCTT) que si ten que facer unhas preguntas, pero que preferiría que antes se responderan as dúas preguntas -formuladas na anterior sesión- que quedaran pendentes de ser contestadas nesta sesión; se é que se quere seguir ese orde.

Tras indicarlle o Sr. alcalde que formulase primeiro as novas preguntas, o Sr. García Couso preguntou *¿Se- durante o tempo transcorrido desde a celebración da última sesión do Pleno- houbo algunha reunión do equipo de goberno coa comisión de veciños que solicita a modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal?*

E de ser positiva a resposta, outra pregunta sería *¿Cando a oposición vai a coñecer as tramitacións, as peticións ou os traballos -se é que se fan- para a modificación do Plan Xeral?*

Deseguido o Sr. alcalde indicou que ía a dar resposta ás dúas preguntas que o Sr. García Couso lle formulara na anterior sesión ordinaria, celebrada o día 31 de agosto de 2016.

Así, coñecido que esas dúas preguntas foran as seguintes:

PRIMEIRA.- No Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado no ano 2008 o casco antigo de Arzúa quedou excluído, polo que esta prohibida toda obra que se pretenda realizar nesa zona, ata que se aprobe o Plan especial do casco antigo; e pregunta ¿Polos intereses dos propietarios, que teñen suspendida toda posibilidade de obrar e tamén para favorecer o turismo, fíxose algún trámite, ou vaise facer, para elaborar ese plan especial?

SEGUNDA.- Tendo en conta as modificacións legais habidas en materia urbanística desde que se aprobou o Plan Xeral e o cambio habido na etapa da construción, lle gustaría saber ¿Se se fixeron xa algúns traballos para modificar o Plan Xeral de Ordenación Municipal?

O Sr. alcalde respondeu a ambas preguntas, da seguinte maneira:

- Que non é verdade que se estean alterando os intereses dos veciños, ao ter suspendida toda posibilidade de obra, nin que se estea desfavorecendo o turismo por non ter aprobado ese plan especial do casco antigo, porque a finalidade que pode ter un plan desas características é sobre todo a protección, conservación e rehabilitación de certas áreas de interese histórico.

- Que, nese sentido, se se vota un vistazo por algunha das rúas da zona antiga, pódese comprobar que se fixo a restauración e, nalgún caso o mantemento, de edificios para poñer albergues destinados ao turismo; porque o que non permite a ordenanza é facer obra nova, pero é que tampouco queda espazo para facela.

- Que na rúa Cima do Lugar abriuse unha tenda de recordos para peregrinos, un

albergue novo e outro xunto ao albergue público, ou a Casa Nené; na rúa das Dores, o edificio de Portos e tamén se están restaurando outras casas para albergue, e en fronte ao monumento da queixeira acábase de restaurar unha casa.

- Que pensa que non se está perxudicando aos veciños.

- Que nos temos como prioridade facer modificacións no Plan Xeral, que é o que nos está demandando a xente todos estes anos.

- Que houbo unha reunión coa empresa que elaborou o Plan Xeral, para trasladarlle as demandas dos veciños, con respecto aos problemas que teñen co Plan e para que aportasen a súa opinión.

- Que -desde que chegou á Alcaldía- son moitas as reunións que tivo cos veciños por este tema, a veces reunións individuais e a veces colectivas; e a última que estaba planificada, non se celebrou porque non puido asistir por unha cuestión persoal.

- Que á pregunta de cando se dará información sobre este tema, ten que responder que cando teñamos algo contundente que comunicar, porque ata agora só houbo unha reunión coa empresa que elaborou o Plan Xeral, para trasladarlle o que estaban solicitando os veciños; e lle pedimos que miraran que posibilidades había con respecto a esas demandas e que nos informasen cal sería a mellor forma de empezar a traballar; polo que cando empecemos eses traballos xa se informará.

E non habendo mais asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dase por rematado o acto; levantándose a sesión as 21.30 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será autorizada coas sinaturas do alcalde e do secretario, que certifica.